

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

O Concello de Muras, nos seus máis de 163 km cadrados de extensión atópase rodeado de ríos e montes, gozando de espazos protexidos como son a Serra do Xistral, ribeiras do río Sor, río Eume... repartidos ao longo das súas oito parroquias, o que fai que a paisaxe sexa un do noso maior patrimonio.

É por iso polo que nace e xorde a idea de celebrar o I Concurso Fotográfico do Concello de Muras, nesta a súa primeira edición dedicado a “Muras e a neve”.

O obxecto do concurso é a presentación de fotografías orixinais relativas a ese título “Muras e a neve”.

En uso das atribucións que me confire o art. 21.1. s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- APROBAR as bases que rexerán o I Concurso de fotografías “Muras e a neve” baixo o hastag # neveMuras:

- 1- O obxecto do presente concurso é a presentación de fotografías orixinais relativas a Muras e a neve.
- 2- Poderá participar no concurso calquera persoa a través da rede social Facebook.
- 3- Só pode presentarse un máximo de 2 fotografías orixinais por persoa.
- 4- É requisito indispensable para que as fotografías sexan válidas que as mesmas se haxan realizado no Concello de Muras.
- 5- As fotografías deberán ser subidas baixo o hastag # neveMuras, ata o próximo 17 de xaneiro de 2021, para a súa posterior votación mediante votación popular pola suma de “gústame” das imaxes (previamente seleccionadas polo concello das que participen) e votación por parte do xurado formado polo fotógrafo Marcos López Alonso e Xaora Fotógrafos.
- 6- Os concursantes responsabilízanse de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas.
- 7- Non se admitirán arquivos que conteñan contidos contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe; é dicir, non se admitiran arquivos que sexan contrarios á legalidade vixente.
- 8- No momento de cargar as fotografías debe especificarse a zona ou lugar da mesma.
- 9- Haberá tres premios de 100 euros cada un deles consistentes nun vale para gastar en calquera dos establecementos e locais do Concello de Muras. No caso de que o gañador fose menor de idade, non se poderá adquirir nin bebidas alcohólicas nin tabaco.
- 10- Os participantes que non cumplan coas presentes bases serán descalificados automaticamente.



- 11- O 17 de xaneiro ás 23.59 horas finalizará en prazo para subir a Facebook as fotografías participantes. Do 18 ao 22 de xaneiro, o xurado elixirá entre todas as fotografías participantes aos gañadores
- 12- O resultado do concurso farase público a través da páxina web do Concello así como en Facebook.
- 13- Os gañadores do concurso ceden ao Concello de Muras, sen limitación algunha, todos os dereitos de propiedade intelectual sobre o traballo gañador.
- 14- A participación neste concurso implica a íntegra aceptación das presentes bases.
- 15- Facebook INC non participa no presente concurso nin ten ningunha responsabilidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de TRESCENTOS EUROS (300,00€) con cargo á partida orzamentaria 334-48 do vixente orzamento municipal do ano 2020 prorrogado para o ano 2021.

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases a través do taboleiro de edictos do Concello así como na páxina web www.concellodemuras.gal e en Facebook.

CUARTO.- Déase conta do presente Decreto á Intervención Municipal

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a. Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018)

